

CONSELLO TERRITORIAL DO VAL

Data: 29 de maio de 2024.

Lugar: Local Social do Val

Hora de comezo: 19:00

Hora de remate: 20:15

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para esta parroquia, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro López (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Juan Pablo Mauriz Romero (Concelleiro de Mobilidade, Urbanismo, Obras e Infraestruturas Públicas)
- Silvia Maria De Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Olaia Margarita Ledo Díaz (Bloque Nacionalista Galego)
- Pedro Portela Parga (Partido Popular)
- Manuela Castro (AVV Os Irmandiños do Val)

Xunto con Martín Vázquez Añel en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido deste Consello territorial de primavera, onde se aproveitara para lembrar distintos trámites que deben realizar as asociacións, tal e como indica o Regulamento de Participación Cidadá, que pode ser consultado [neste enlace](#).

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1. Actualización das persoas representantes dos Consellos territoriais e do Consello xeral. Explicación do procedemento, da necesidade de elección das persoas representantes e tarefas para as entidades: presentación da documentación por sede electrónica.

2. Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT e incorporación de novos temas. Deixamos un espazo ás persoas asistentes para que poidan preguntar sobre o estado das cuestións máis relevantes para a veciñanza para

que, dende o Concello, poidan actualizar a información. Engadimos aquelas necesidades e propostas non recollidas en anteriores CT.

3. Actualización do estado dos locais sociais. Actualizamos as necesidades das entidades en relación aos locais sociais e preguntamos sobre os usos por parte das entidades, a posesión de chaves e código, a existencia dun Consello Reitor etc. No caso das parroquias, mencionamos esta necesidade de actualización da información, mais pasamos directamente ao seguinte punto por non aplicar a maioría das preguntas ao só estar activa unha entidade asociativa.

4. Recollida de propostas en relación aos Consellos territoriais e ao Regulamento de participación cidadá. Abrimos un espazo para recompilar suxestións por parte das entidades do territorio e por parte do resto de representantes do Consello. Non hai achegas específicas a este respecto.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

1. Comezamos a sesión explicando a necesidade de actualizar as persoas representantes dos Consellos, explicando o rol das persoas implicadas en cada un dos Consellos, tanto nos territoriais como no xeral.

2. Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT e novos temas:

.- Previsión de realizar unha intervención para a reparación da fenda no almacén do local social. Dende a Concellaría de Participación xa se reclamou esta cuestión e a empresa virá a realizar a reparación.

.- Sobre os elementos e xogos do parque infantil do local social
Reitérase a demanda de que, tras o peche do acceso ao patio da escola, o parque queda pequeno e os elementos existentes non responden á idade e necesidades das nenas e nenos usuarios. Compártese que os xogos escollidos no seu día foran escollidos pola AAVV, mais tiñan acceso ao patio da escola. Na actualidade, demándase algúns columpios ou tobogán e xogos dirixidos a nenas e nenos máis pequenos, poñendo o foco en que agora o acceso ao patio está restrinxido, aínda que hai nenas e nenos que intentan colarse (co perigo que iso supón).

.- Sobre a praga de moscas
Infórmase que dende a FEGAMP se está a promover un espazo de traballo conxunto con outros concellos afectados polo mesmo problema e coas Concellarías de Sanidade, Medio Ambiente e Medio Rural.

Por outro lado, a iniciativa compartida no pasado CT da instalación das casas niño foi efectivamente realizada, mais precisa de tempos máis amplos para poder valorar o seu impacto.

.- Verquidos

Referencia á solicitude feita polo BNG sobre a análise realizada por COSMA en relación aos verquidos. Olga Ameneiro comparte o informe realizado por COSMA, que indica que as características da auga do lugar analizado corresponde coas características habituais. Pregúntase polo lugar específico de recollida de auga, que non aparece especificado no informe. Dende o Concello quedan pendente de preguntar pola ubicación das augas analizadas e de enviar a información correspondente.

.-Paso de peóns

Compártese información sobre a solicitude do paso de peóns na estrada de Valdoviño. Dende o Concello informan que a xustificación para non ver a necesidade é que todos os servizos están no mesmo lado da estrada, mais volverán a realizar un servizo indicando que hai comercios do outro lado, que tamén é unha necesidade para dar servizo ás vivendas e tamén para conectar coa escola.

.-Fochancas

Indícase que hai varias fochancas en varios camiños que precisan intervención. Pablo Mauriz indica que antes de facer as intervencións vaise pola parroquia coa asociación veciñal identificando os lugares que precisan arranxo para dar traslado ao servizo de mantemento.

.-Recollida do material tras intervencións

Sínalase que tras diversas intervencións é habitual que quede lixo relacionado coa obra: cintas de sinalización, plásticos que se empregan nas obras, conos etc. Pablo Mauriz informa de que están avisados, mais que reforzarán o aviso.

.-Local social

Dende a asociación veciñal comparten diversas cuestións relacionadas con reparacións que precisa o local social nas ventás, xa que hai dúas que non se poden abrir, o que complica a realizacións de actividades neses espazos durante o véran, e dúas nas que entra auga, que ademais son novas. Olga Ameneiro recolle esta información para dar traslado a Servizos.

Tamén informan de que no local social teñen un ximnasio na planta de arriba e outro na planta de abaixo, mais que hai persoas que non poden acceder ás máquinas de musculación situadas na planta de arriba por falta de accesibilidade (por non poder subir as escaleiras) e solicitan unha ampliación para poder baixar a maquinaria para completar o ximnasio abaixo. Pablo Mauriz sinala a posibilidade de empregar a pista polideportiva para colocar o espazo do ximnasio e así poder liberar o espazo do local social. O pavillón precisaría ampliación e unha reforma, mais o concello ten un terreo anexo para poder solicitar esa ampliación.

.-Rampla do colexio

Dende a asociación veciñal infórmase de que hai un neno en cadeira de rodas e precisaría unha rampla para favorecer a súa accesibilidade. Olga Ameneiro informa de que non tiña constancia desta necesidade e falará co centro educativo para revisar esta cuestión.

.-Tráfico ás saídas do colexio

Dende a asociación preguntan pola posibilidade de chamar á Policía para que controle a entrada e saída do alumnado do centro educativo, xa que as familias aparcen por todas partes impedindo o paso do autobús e puidendo ser un perigo para o paso de ambulancias, por exemplo.

PECHE

Péchase a sesión con Olga Ameneiro agradecendo a asistencia e participación das concelleiras e veciños, afirmando a súa vontade de traballar polas necesidades da veciñanza.

En O Val, a 29 de maio de 2024.

A Secretaría, Martín Vázquez Añel